PRINCIPALES MOVEMENTOS DE VANGARDAS.

No seu sentido literal, vangarda fai referencia ao batallón militar que precede as tropas en ataque durante unha batalla. De aí dedúcese que vangarda é aquilo que "está á fronte".

Desta dedución xorde a definición adoptada por unha serie de movementos artísticos e políticos do fin do século XIX e inicio do século XX. Os movementos europeos de vangarda eran aqueles que, segundo os seus propios autores, guiaban a cultura dos seus tempos, estando de certa forma á fronte deles. Moitos destes movementos acabaron por asumir un comportamento próximo ao dos partidos políticos: posuían militantes, lanzaban manifestos e consideraban que a verdade se atopaba con eles.

CUBISMO	FUTURISMO	DADAÍSMO	CREACIONISMO	SURREALISMO
París,1907	París, 1909	Zurich,1916	París, 1916	París, 1924
Guillaume Apollinaire	Marinetti	Tristan Tzara	Vicente Huidobro	André Bretón
Xorde como un movemento pictórico. A poesía cubista, ao igual que a pintura, descompón a realidade para observala desde diferentes perspectivas.	Rompe coa literatura e a moral tradicionais e exalta a velocidade, o risco, as máquinas, a guerra, as cidades ou as fábricas, símbolos de modernidade e do progreso.	Movemento vangardista máis rupturista e provocador. Pretende a destrución da sociedade e da cultura tradicional, incluso da linguaxe, como forma de redescubrir a auténtica realidade.	A arte como creación absoluta, unha realidade autónoma froito da xustaposición de imaxes que non imita a natureza. O poeta é un pequeño deus.	A ruptura estética vai acompañada dunha afinidade co marxismo e a psicoanálise. A través da arte pretenden liberar o ser humano das represións da súa propia razón e das da sociedade burguesa.
Desaparece a puntuación, introduce onomatopeas e xogos de palabras.	Desaparece a puntuación, suprimen o uso dos adxectivos e dos adverbios para conseguir unha maior rapidez verbal.	Utilización da fotomontaxe, ou collage, a metáfora e comparacións, onomatopeas e xogos de palabras.	Desaparece a puntuación, rompe coa secuencia temporal lóxica e elimina todo o superfluo e descritivo	Escritura automática, collage, metáforas, uso de imaxes perturbadoras.
Disposicións tipográficas innovadoras, os caligramas.	Cambian o eu poético polo nós.	Liberación e creatividade do artista. Recórrese ao mundo dos soños e á primitiva expresividade infantil.	Emprego da ironía.	Escritura automática e utilización dos soños e alucinacións como material literario.